
“Elaboración da documentación necesaria para a tramitación das subvencións directas de carácter excepcional por importe igual ou superior a 15.000,00 € de xeito individual.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/XEN_01/000670) a Presidenta impulsa, a través da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, a elaboración da seguinte documentación:

1. Os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións de carácter excepcional, por importe igual ou superior a 15.000,00 €, que se relacionan a continuación

Anexo I. Solicitude

Anexo II. Certificado do/a secretario/a da entidade solicitante.

Anexo III. Autorización para subcontratar nos supostos do artigo 29.3 e 29.7 d) da LXS.

Anexo IV: Compromiso de obtención de licencias e autorizacións preceptivas para a execución das obras.

2. As instrucións sobre como cumprimentar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas de carácter excepcional e sobre a documentación que debe acompañar aos modelos normalizados de solicitude (Anexos).

3. Os convenios tipo en galego canalizadores das subvencións directas de carácter excepcional que se relacionan a continuación:

Convenio tipo canalizador das subvencións directas de carácter excepcional, por importe igual ou superior a 15.000,00 € de xeito individual, a formalizar con entidades privadas ou entidades públicas que non sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Página	31/71	

Convenio tipo canalizador das subvencións directas de carácter excepcional, por importe igual ou superior a 15.000,00 € de xeito individual, a formalizar con entidades públicas que sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades.

Os convenios tipo poderán ser obxecto de adaptación en casos excepcionais previo informe favorable da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría e sempre e cando non afecte ao contido substancial do convenio.

4. Os modelos normalizados de xustificación (Anexos) das subvencións directas de carácter excepcional que se relacionan a continuación:

Anexo I. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención.

Anexo II. Relación clasificada de gastos e imputación de gastos derivados do convenio.

Anexo III. Declaración conxunta (para entidades privadas ou entidades públicas que non sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades).

Anexo IV: Declaración do destino dos bens subvencionados.

Anexo. Certificación xenérica (para entidades públicas que sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades)

Determinar que soamente se poderá solicitar anticipo con dispensa de garantía, cando se trate de subvencións directas de carácter excepcional, ata un máximo do 50% da subvención solicitada en circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actuación subvencionable doutro xeito.

Se deberá publicar na páxina web do ente provincial:

os modelos normalizados (Anexos) de solicitude e de xustificación.

As instrucións sobre como cumprimentar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas excepcionais e sobre a documentación que debe acompañar aos modelos normalizados de solicitude (Anexos)."

Consideracións xurídico administrativas.

Primeira: No texto da modificación da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo dispónse, concretamente no seu artigo 8, que:

"Os órganos competentes para a concesión das subvencións son os que se determinen no Regulamento Orgánico da Deputación e nas Bases de execución do seu orzamento Xeral"

Segunda: No regulamento orgánico da Deputación de Lugo (publicado no BOP de Lugo Núm. 202, o 3 de setembro de 2020) recollese:

"Artigo 59

Correspóndelle á Xunta de Goberno:

(...)

b) As seguintes atribucións, delegadas do presidente/a e do Pleno:

(...)

18. Conceder subvencións na contía da aprobación do gasto en materia de contratación, e aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais,

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIKXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIKXEQ	Página	32/71	



organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a.

(...)"

Terceira: Nas bases de Execución do Orzamento para a anualidade 2026, establécese o seguinte:

"base 24ª.4 "órganos competentes en materia de subvencións"

(...)

Concesión directa: o órgano competente para o seu outorgamento é o Presidente a proposta do Delegado correspondente sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores. O órgano competente para aprobar a xustificación e o pagamento é o Ilmo. Sr. Presidente a proposta do Delegado correspondente."

Conclusiones

En base ao anteriormente exposto propónse que por acordo da Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Primeiro- Aprobar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións de carácter excepcional, por importe igual ou superior a 15.000,00 €, que se relacionan a continuación e que constan no expediente:

Anexo I. Solicitude

Anexo II. Certificado do/a secretario/a da entidade solicitante.

Anexo III. Autorización para subcontratar nos supostos do artigo 29.3 e 29.7 d) da LXS.

Anexo IV: Compromiso de obtención de licencias e autorizacións preceptivas para a execución das obras.

Segundo- Aprobar as instrucións sobre como cumprimentar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas de carácter excepcional e sobre a documentación que debe acompañar aos modelos normalizados de solicitude (Anexos) que constan no expediente.

Terceiro- Aprobar os convenios tipo en galego canalizadores das subvencións directas de carácter excepcional que se relacionan a continuación e que constan no expediente:

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Página	33/71	

Convenio tipo canalizador das subvencións directas de carácter excepcional, por importe igual ou superior a 15.000,00 € de xeito individual, a formalizar con entidades privadas, persoas físicas ou entidades públicas que non sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades

Convenio tipo canalizador das subvencións directas de carácter excepcional, por importe igual ou superior a 15.000,00 € de xeito individual, a formalizar con entidades públicas que sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades.

Cuarto- Aprobar os modelos normalizados de xustificación (Anexos) das subvencións directas de carácter excepcional que se relacionan a continuación e que constan no expediente:

Anexo I. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención.

Anexo II. Relación clasificada de gastos e imputación de gastos derivados do convenio.

Anexo III. Declaración conxunta (para entidades privadas, persoas físicas ou entidades públicas que non sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades).

Anexo IV: Declaración do destino dos bens subvencionados.

Anexo. Certificación xenérica (para entidades públicas que sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades)

Quinto: Determinar que:

Soamente se poderá solicitar anticipo con dispensa de garantía, cando se trate de subvencións directas de carácter excepcional, ata un máximo do 50% da subvención solicitada e en circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actuación subvencionable doutro xeito.

Se publicará na páxina web do ente provincial:

a) os modelos normalizados (Anexos) de solicitude e de xustificación.

b) As instrucións sobre como cumprimentar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións e sobre a documentación que debe acompañar aos modelos normalizados de solicitude (Anexos).

Se trasladará aos centros xestores de subvencións o contido deste acordo.

Os convenios tipo poderán ser obxecto de adaptación en casos excepcionais previo informe favorable da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría e sempre e cando non afecte ao contido substancial do convenio."

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Que se aprobe a seguinte documentación (CSV: IV7RQUCOB5H4WT6Z7V7VF5YX6A).

1. Os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións de carácter excepcional, por importe igual ou superior a 15.000,00 €, que se relacionan a continuación

Anexo I. Solicitude

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIKXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIKXEQ	Página	34/71





Anexo II. Certificado do/a secretario/a da entidade solicitante.

Anexo III. Autorización para subcontratar nos supostos do artigo 29.3 e 29.7 d) da LXS.

Anexo IV: Compromiso de obtención de licencias e autorizacións preceptivas para a execución das obras.

2. As instrucións sobre como cumprimentar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas de carácter excepcional e sobre a documentación que debe acompañar aos modelos normalizados de solicitude (Anexos).

3. Os convenios tipo en galego canalizadores das subvencións directas de carácter excepcional que se relacionan a continuación:

Convenio tipo canalizador das subvencións directas de carácter excepcional, por importe igual ou superior a 15.000,00 € de xeito individual, a formalizar con entidades privadas, persoas físicas ou entidades públicas que non sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades

Convenio tipo canalizador das subvencións directas de carácter excepcional, por importe igual ou superior a 15.000,00 € de xeito individual, a formalizar con entidades públicas que sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades.

4. Os modelos normalizados de xustificación (Anexos) das subvencións directas de carácter excepcional que se relacionan a continuación:

Anexo I. Memoria xustificativa do cumprimentos das condicións impostas no convenio canalizador da subvención.

Anexo II. Relación clasificada de gastos e imputación de gastos derivados do convenio.

Anexo III. Declaración conxunta (para entidades privadas, persoas físicas ou entidades públicas que non sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades).

Anexo IV: Declaración do destino dos bens subvencionados.

Anexo. Certificación xenérica (para entidades públicas que sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades).

2º.- Determinar que soamente se poderá solicitar anticipo con dispensa de garantía, cando se trate de subvencións directas de carácter excepcional, ata un máximo do 50% da subvención solicitada en circunstancias debidamente motivadas, para as que

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Página	35/71	

se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actuación subvencionable doutro xeito.

3º.- Publicar na páxina web do ente provincial:

Os modelos normalizados (Anexos) de solicitude e de xustificación.

As instrucións sobre como cumprimentar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas excepcionais e sobre a documentación que debe acompañar aos modelos normalizados de solicitude (Anexos).

4º.- Trasladar o acordo aos centros xestores de subvencións.

5º.- Os convenios tipo poderán ser obxecto de adaptación en casos excepcionais previo informe favorable da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría e sempre e cando non afecte ao contido substancial do convenio”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DO CONCELLO DE MEIRA Á ACHEGA DO SERVIZO AXUDA NO FOGAR DO PLAN DEPUTACIÓN 2025.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Considerando que o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de decembro de 2024, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025. Nestas Bases, publicadas no BOP de Lugo núm. 004, de data 7 de xaneiro de 2025, recollíanse, entre outras, a liña B.2.- Programa de Axuda no Fogar.

Considerando que o Pleno da Deputación de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 25 de marzo de 2025, acordou a aprobación do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025 e asignou definitivamente ao Concello de Meira o o financiamento seguinte para o dito Programa:

IMPORTE ACHEGA DEPUTACIÓN AO PLAN 2025 SERVIZO AXUDA NO FOGAR	ACHEGA CONCELLOS OU OUTRAS FONTES- SAF (VOLUNTARIO)
1.835,69€	4.460,99€

Considerando que don Antonio de Dios Álvarez, en nome e representación do Concello de Meira, o catro de febreiro de 2026, rexistro núm.: 2026RT00183, presentou a documentación de renuncia á achega concedida para o Programa SAF 2025, que nesta proposta se trata.

Considerando que o Concello de Meira non solicitou o aboamento de anticipo, con dispensa de garantía, do importe total do financiamento outorgado.

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIKXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIKXEQ		Página	



Considerando que o 13 de febreiro de 2026, o Servizo de Benestar Social e Igualdade, vista a documentación que obraba neste Servizo informou, coas consideracións feitas neste informe, e logo dos demais trámites regulamentarios, ter por renunciado ao Concello de Meira á achega, non percibida e non executada para o dito Programa.

Considerando que o 18 de febreiro de 2026, vista a documentación presentada, así como o informe da unidade administrativa xestora do expediente que ocupa esta proposta, o Servizo de Intervención- Fiscalización da Deputación de Lugo deuse por enterado da dita renuncia.

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Que se aprobe a renuncia do Concello de Meira á achega de 1.835,69€ concedida para o Programa do Servizo de Axuda no Fogar 2025, ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, e da que o concello non recibiu anticipo.

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS AUTORIZACIÓNS DE USO DOS HORTOS URBANOS DO PARQUE DO RATO (7ª FASE).

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Antecedentes

Con data de 9 de xullo de 2020 publicouse no BOP de Lugo nº 156 o Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo co obxectivo de aportar unha normativa sobre o uso e as autorizacións das hortas xestionadas

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Página	37/71	

actualmente polo Servizo de Medio Ambiente da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Con data 20 de setembro de 2024, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou a aprobación das Bases do Procedemento para a concesión de autorizacións de uso dos hortos urbanos do parque do Rato, mediante concorrencia pública. Estas Bases foron publicadas no BOP nº227 de 30 de setembro de 2024.

Con data 3 de outubro de 2025, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou a realización da convocatoria pública de participación para a solicitude de autorización de uso dos hortos urbanos do parque do Rato, establecendo como Bases da convocatoria as publicadas no BOP nº227 de 30 de setembro de 2024. A convocatoria foi publicada no BOP nº236 de 14 de outubro de 2025, abríndose un prazo de 10 días, a partir do seguinte á publicación, para que os interesados presentasen solicitudes.

Por Resolución de Presidencia de data 28 de outubro de 2025, nomeáronse aos funcionarios do Servizo de Medio Ambiente que constitúen a Mesa de seguimento, como órgano competente para a cualificación e comprobación da documentación achegada polos interesados e para elevar posteriormente a correspondente proposta de outorgamento.

A Mesa de seguimento reuniuse o día 13 de novembro de 2025 e, unha vez revisadas as solicitudes presentadas, levantou a correspondente acta, na que acordou:

“1º-Propoñer a exclusión do procedemento, posto que só se pode asignar un Horto por unidade familiar, por incumprimento do punto 3 apartado a) “... En todo caso, só se outorgará un horto por unidade familiar” aos seguintes solicitantes:

Sebastián Alberto Suárez Pérez - Expediente 2025/PES_03/020177

Mª Begoña Casado Aguado – Expediente 2025/PES_03/020295

2º-Requirir, dacordo co establecido no procedemento, para que nun prazo de 10 días dende a recepción da notificación, completen ou emenden a documentación presentada, os seguintes solicitantes:

Interesado - José Rodríguez Díaz

Motivo do requirimento - (deberá presentar certificado de estar exento de débedas coa Deputación de Lugo) Non se acredita o cumprimento do punto 3.d do procedemento

(...)

O día 1 de decembro de 2025, logo de efectuar os requirimentos de documentación; reúnese a Mesa de seguimento acordando:

1º-Aceptar a solicitude de D. José Rodríguez Díaz, ao acreditar que non mantén débedas pendentes coas administracións públicas.

2º- Anular a exclusión de Dna. Begoña Casado Aguado, ao quedar acreditado, mediante a actualización dos datos padroais ante a Deputación de Lugo, que non existe a causa de exclusión detectada na 1º Mesa de seguimento. Propoñendo por tanto a ADMISIÓN da interesada no Procedemento.

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARIRXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARIRXEQ	Página	38/71	

3º-Aprobar e publicar, dacordo co establecido nas Bases as seguintes listaxes provisionais de excluídos e de admitidos (...)"

O día 15 de decembro de 2025, reúnese a Mesa de seguimento, levantando a correspondente acta e acordando:

"1º- Propoñer a exclusión do procedemento e por tanto a inclusión na listaxe de persoas excluídas a Dña. Lorena Collada Gómez, posto que só se pode asignar un Horto por unidade familiar, por incumprimento do punto 3 apartado a) "... En todo caso, só se outorgará un horto por unidade familiar". (...)

2º-Aprobar e publicar, dacordo co establecido nas Bases as seguintes novas listaxes provisionais de excluídos e de admitidos, que pasarán a substituír integramente ás publicadas o día 4 de decembro de 2025.

O día 12 de xaneiro de 2025, reúnese a Mesa de seguimento a efectos de tomar o seguinte acordo:

"1º- Ante a circunstancia de que as solicitudes admitidas (50), supera o número de Hortos vacantes (46) dispoñibles actualmente, débese requirir aos solicitantes a presentación da documentación acreditativa das circunstancias que serán tidas en conta na valoración das solicitudes, de acordo co punto 6.2, apartado 6 das bases da convocatoria, para que a presenten ante a Deputación de Lugo, no prazo de 10 días hábiles, dende a recepción da correspondente notificación."

En base ao anterior, o Servizo de Medio Ambiente solicita a empresa concesionaria do servizo de dinamización, posta en valor e mantemento dos hortos urbanos do Paseo do Rato, que dentro do programa de melloras sen custo ofertadas no contrato, habilite 5 novos hortos urbanos co fin de dar cabida a totalidade das solicitudes presentadas. Os traballos de adecuación e delimitación dos novos Hortos, numerados dende o número 151 ao 155, finaliza o día 12 de febreiro de 2026.

O día 13 de febreiro de 2026, reúnese a Mesa de seguimento para a realización da valoración das solicitudes e documentación presentadas, facendo pública a valoración mediante a publicación das correspondentes listaxes no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo e na súa web.

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXQ	Página	39/71	

O día 16 de febreiro de 2026, a mesa de seguimento reúnese para a realización do sorteo ao chou dos hortos dispoñibles, entre os solicitantes admitidos, acordando:

“1º-No acto público de sorteo, procedeuse ao sorteo das 50 parcelas que actualmente se atopan sen usuario asignado, entre as 50 persoas que figuran na listaxe de admitidos.

2º-En base ao establecido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 156, de 9 de xullo de 2020 e ao Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Rato, 7ª Fase, e as súas bases publicadas no BOP nº 227, de 30 de setembro de 2024 realizase o sorteo público, ao chou, das parcelas, co resultado que se traslada como anexo.

3º-Acordase facer público o resultado do sorteo, nos mesmos medios que as listaxes, coa publicación do resultado do mesmo; e a realización da correspondente proposta de outorgamento ante a Xunta de Goberno da Excma. Deputación de Lugo, indicando individualmente o horto asignado a cada interesado, segundo se establece no punto 8.4 Proposta de outorgamento, do Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Rato

LISTAXE DEFINITIVA E RESULTADO DO SORTEO DE HORTOS 7ªFASE			
NOME	HORTO	NOME	HORTO
AMELIA ANLLO PAZ	155	MAITE LANZOS LORENZO	93
ANA ISABEL VILLALÓN COMBO	118	MARIA BUIDE CASTRO	129
ANA MARÍA DOVAL REIJA	112	MARIA DE LOS REMEDIOS PÉREZ FOLGUEIRA	116
CELIA MARTINEZ LÓPEZ	114	MARÍA DEL CARMEN TORRES PRADO	152
CESAR ANTONIO LORENZANA BARGUEIRAS	138	MARIA ISABEL MONDELO RODRIGUEZ	58
CRISTINA VAZQUEZ FERNANDEZ	153	MARIA JOSE LOPEZ SANCHEZ	133
DIACONIA	108	MARIA MAR LOPEZ NIÑO	110
ELENA DINU	15	MARIA VISITACION RODRIGUEZ FERNANDEZ	9
FERNANDO BARRO LÓPEZ	145	MARTA MARÍA GONZÁLEZ PRADO	154
FRANCISCO JAVIER LÓPEZ CORTES	115	MONICA CORTON VAZQUEZ	92
GERMAN GONZALEZ SEREN	32	NATALIA CHUPROVA VISARYIONAVA	78
GRACIELA NOEMÍ SALUM RUIZ	87	NOELIA FERNÁNDEZ RIVAS	139
JAVIER GARCÍA LOZANO	132	OLGA CORSINO GUTIERREZ	61
JESSICA PEREZ MARTINEZ	143	OSCAR RAMON PEREZ MAZUTIEL	146
JESUS JANEIRO MERA	141	OSVALDO PONFIRIO RUIZ GALVEZ	75
JOSE RODRIGUEZ DÍAZ	119	OTILIO RON LAGARON	91
JOSÉ MARÍA OSORIO MON	73	PABLO ELOY GOMEZ RODRIGUEZ	99
JOSÉ MARÍA SOUTO SILVA	140	PATRICIA FERNÁNDEZ PEREIRA	125
JUAN GREGORIO RIVADENEIRA TORRES	47	ROBERTO GARRIDO DÍAZ	111
LADY RAYNELDA VALENZUELA MATO	71	ROSA AMELIA ACHUELOS HERNANDEZ	70
LAURA VARELA SUAREZ	135	ROSA MARÍA COUSO SANCHEZ	14
LUZ DÍAZ BELTRAN	76	SANDRA SEOANE ALVAREZ	128
Mª BEGOÑA CASADO AGUADO	126	SONIA PEREZ ALVITE	151
Mª MAR GRANDA DÍAZ	122	XESÚS BETANZOS REGO	95
MABEL VANESSA PÉREZ VIERA	24	YOLANDA VARELA DÍAZ	94

Proposta

En base ao anterior, a documentación presente no expediente 2025/XEN_01/003302, e tendo en conta que segundo establece o Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARIRXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARIRXEQ	Página	40/71	



da Excm. Deputación Provincial de Lugo no seu apartado XI. Órganos competentes “Punto 32. En materia relativa á adxudicación dos hortos ou demais acordos que se poidan acadar, o órgano competente será sempre a Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo” propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a ampliación, distribución e numeración dos novos hortos urbanos, engadindo os hortos número 151, 152, 153, 154 e 155 aos 150 hortos xa existentes.

2º.- A exclusión do procedemento, dos seguintes solicitantes, polas causas indicadas:

SOLICITANTE	CAUSA EXCLUSIÓN	EXPEDIENTE
LORENA COLLADA GOMEZ	Só se pode asignar un Horto por unidade familiar [incumprimento do punto 3 apartado a) das Bases]	2025/PES_03/020019
SEBASTIÁN ALBERTO SUÁREZ PÉREZ	Só se pode asignar un Horto por unidade familiar [incumprimento do punto 3 apartado a) das Bases]	2025/PES_03/020177

2º.- Aprobar o outorgamento de autorización de uso de cada parcela numerada, por un período inicial de dous (2) anos, prorrogándose automaticamente ata unha duración máxima de catro (4) anos, salvo renuncia ou denuncia das partes, en cuxo caso a autorización finalizará transcorrido un mes dende a recepción da correspondente comunicación; ás persoas solicitantes que se relacionan a continuación, segundo se establece no apartado 4 das Bases do procedemento de autorización de uso dos hortos urbanos do parque do Rato.

ASIGNACIÓN DE HORTOS URBANOS NO PARQUE DO RATO (7ªFASE)			
NOME	HORTO	NOME	HORTO
AMELIA ANLLO PAZ	155	MAITE LANZOS LORENZO	93
ANA ISABEL VILLALÓN COMBO	118	MARIA BUIDE CASTRO	129
ANA MARÍA DOVAL REIJA	112	MARIA DE LOS REMEDIOS PÉREZ FOLGUEIRA	116
CELIA MARTINEZ LÓPEZ	114	MARÍA DEL CARMEN TORRES PRADO	152
CESAR ANTONIO LORENZANA BARGUEIRAS	138	MARIA ISABEL MONDELO RODRIGUEZ	58
CRISTINA VAZQUEZ FERNANDEZ	153	MARIA JOSE LOPEZ SANCHEZ	133
DIACONIA	108	MARIA MAR LOPEZ NIÑO	110
ELENA DINU	15	MARIA VISITACION RODRIGUEZ FERNANDEZ	9
FERNANDO BARRO LÓPEZ	145	MARTA MARÍA GONZÁLEZ PRADO	154
FRANCISCO JAVIER LÓPEZ CORTES	115	MONICA CORTON VAZQUEZ	92
GERMAN GONZALEZ SEREN	32	NATALIA CHUPROVA VISARYIONAVA	78

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIKXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIKXEQ	Página	41/71	

NOME	HORTO	NOME	HORTO
GRACIELA NOEMÍ SALUM RUIZ	87	NOELIA FERNÁNDEZ RIVAS	139
JAVIER GARCÍA LOZANO	132	OLGA CORSINO GUTIERREZ	61
JESSICA PEREZ MARTINEZ	143	OSCAR RAMON PEREZ MAZUTIEL	146
JESUS JANEIRO MERA	141	OSVALDO PONFIRIO RUIZ GALVEZ	75
JOSE RODRIGUEZ DÍAZ	119	OTILIO RON LAGARON	91
JOSÉ MARÍA OSORIO MON	73	PABLO ELOY GOMEZ RODRIGUEZ	99
JOSÉ MARÍA SOUTO SILVA	140	PATRICIA FERNÁNDEZ PEREIRA	125
JUAN GREGORIO RIVADENEIRA TORRES	47	ROBERTO GARRIDO DÍAZ	111
LADY RAYNELDA VALENZUELA MATO	71	ROSA AMELIA ACHUELOS HERNANDEZ	70
LAURA VARELA SUAREZ	135	ROSA MARÍA COUSO SANCHEZ	14
LUZ DIAZ BELTRAN	76	SANDRA SEOANE ALVAREZ	128
Mª BEGOÑA CASADO AGUADO	126	SONIA PEREZ ALVITE	151
Mª MAR GRANDA DIAZ	122	XESÚS BETANZOS REGO	95
MABEL VANESSA PÉREZ VIERA	24	YOLANDA VARELA DIAZ	94

3º.- Notificar aos candidatos indicados nos puntos anteriores, a resolución do procedemento de autorización de uso dos hortos e realizar a convocatoria para a sinatura do documento administrativo de autorización de uso do dominio público, segundo se dispón no punto 8.4 das Bases.”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA EMENDA DE ERRO DE FEITO EN RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Asunto: Aprobación da emenda de feito na relación de beneficiarios das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, na execución do Programa “Marela”, na anualidade 2025.

Detectados erros de feito na relación de beneficiarios das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, na execución do Programa “Marela”, na anualidade 2025; e ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitíuse informe do seguinte teor:

“Antecedentes de feito

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Página	42/71





Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo adoptou, en sesión ordinaria celebrada o 10 de outubro de 2025, acordo provisional de concesión das subvencións de referencia.

O dito acordo provisional de concesión das subvencións notificouse aos interesados a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 239, do 17 de outubro de 2025, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da dita publicación, para presentar alegacións.

Segundo.- Presentadas alegacións, resolvéronse por Acordo da Xunta de Goberno adoptado en sesión ordinaria celebrada o 5 de decembro de 2025, constituíndo o dito acordo a resolución definitiva de concesión das citadas subvencións, que foi publicado no BOP de Lugo nº 286, do 15 de decembro de 2025.

Terceiro.- Tal e como esixe a Base 14 das canalizadoras das subvencións, para o pago das subvencións, tras a resolución de concesión, emitida pola Xunta de Goberno, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitírase un informe no que se faga constar que a documentación á que se refire a Base 7, presentada polas beneficiarias, acredita o cumprimento dos requisitos establecidos na Base 4.

O dito informe acompañarase dunha proposta de pago das subvencións e dos documentos aos que se refiren as letras a), f), h) e i) da Base 7, para que, previa fiscalización, se aprobe a dita proposta pola Presidencia.

Pois ben, dende o Servizo de Fiscalización, detectáronse varios erros de feito na relación de beneficiarios das subvencións, ao reflectir, varios anexos III, que algúns dos animais propostos como elixibles pasaran ao Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza bovina Rubia Galega no ano 2025.

Concretando, os anexos III (certificación emitida por ACRUGA), acreditativos da data na que os animais pasaron ao dito Rexistro Definitivo, dos seguintes solicitantes de subvención, reflecten que algúns dos animais pasaron ao devandito Rexistro no ano 2025:

José Antonio López Caloto.

Juan Carlos Díaz Ramil.

José Luís Trabado Alonso.

A Pena, SC.

Pestana, SC.

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARIRXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARIRXEQ	Página	43/71	

Elvira Matilde López Saco.

José Castro Fontal.

Inés Bellón Rodríguez.

Ganadería Santalla, SC.

Marcos Ferreiro López.

Os ditos erros afectan, pois, aos importes das subvencións a conceder as beneficiarias citadas, que deben reducirse, polo tanto, segundo se detalla:

José Antonio López Caloto: de 800 a 0 €.

Juan Carlos Díaz Ramil: de 800 a 0 €.

José Luís Trabado Alonso: de 400 a 0 €.

A Pena, SC: de 2.400 a 1.600 €.

Pestana, SC: de 400 a 0 €

Elvira Matilde López Saco: de 800 a 400 €.

José Castro Fontal: de 400 a 0 €.

Inés Bellón Rodríguez: de 400 a 0 €.

Ganadería Santalla, SC: de 2.000 a 400 €.

Marcos Ferreiro López: de 1.600 a 800 €.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- A teor do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), estas poderán rectificar, en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Con respecto aos erros de feito, cómpre ter en conta que a Administración, antes de tomar unha decisión administrativa, debe proceder á representación e valoración dos feitos, é dicir, debe apreciar a situación de feito que se da en cada suposto, pois só a partir da realidade compréndese a actuación da Administración Pública. E, precisamente, nesa apreciación dos feitos, a Administración tamén comete equivocacións, que non son outras que as que se inclúen no concepto de erro de feito. Para analizar o erro de feito debemos tomar como punto de referencia os conceptos de erro propio e, sobre todo, da causa dos actos xurídicos.

O erro é propio cando a vontade foi, de xeito vicioso, formada sobre a base dun inexacto coñecemento da realidade ou sobre unha equivocada forma de crer ou representación mental. A doutrina administrativa define o erro de feito como a inexacta representación dunha situación de feito. E no mesmo senso se manifesta tamén o Consello de Estado, que se refire ao erro de feito como unha apreciación non axustada á realidade obxectiva dos acontecementos.

En relación coa causa, é de todo lóxico que a Administración, antes de emitir a súa declaración de vontade, debe proceder á representación e valoración dos feitos que se dan en cada suposto, é dicir, debe apreciar, conxuntamente, o que se denomina a situación de feito. E esta apreciación conxunta dos feitos constitúe, para unha boa parte da doutrina, a causa da decisión administrativa.

En síntese, a apreciación dos feitos constitúe a causa de todo acto xurídico e, polo tanto, tamén do acto administrativo; resultando, así, que unha serie de circunstancias

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARIRXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARIRXEQ	Página	44/71	



de feito intégranse como elementos do acto administrativo, a través da noción de causa.

En definitiva, non son os feitos, en si, a causa do acto administrativo, senón a apreciación, contemplación, representación, valoración ou constatación que dos mesmos fai a Administración que decide.

Concretando, pode e debe controlarse se a realidade do presuposto de feito de que a Administración parte produciuse ou non, de maneira que si o presuposto de feito non existe na realidade, o acto estará viciado por erro na causa ou, o que é o mesmo, por apreciación errónea dos feitos, o que significa que o acto administrativo estará viciado por erro de feito.

Segundo.- Delimitado o concepto de erro de feito, este ten encaixe co acontecido no caso que nos ocupa, pois, en relación coas beneficiarias das subvencións do Programa “Marela”, anualidade 2025, a Base 4 das reguladoras destas é clara ao respecto: “Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas, físicas e xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da provincia de Lugo, que críen animais bovinos de pura raza Rubia Galega, sempre que posúan femia/s reprodutora/s desta raza, nadas na propia explotación, que pasara/n ao Rexistro Definitivo do seu Libro Xenealóxico durante o ano 2024...”.

Tal e como se indica no antecedente de feito terceiro deste informe, os anexos III (certificación emitida por ACRUGA, acreditativa da data na que os animais pasaron ao dito Rexistro Definitivo) de varios solicitantes de subvencións, que, finalmente foron recoñecidos como beneficiarios das mesmas, reflicten que hai animais que pasaron ao Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza bovina Rubia Galega no ano 2025.

Así, don José Antonio López Caloto, que solicitara subvención por dous animais que cumprían os requisitos establecidos na Base 4, resultou ser beneficiario de subvención por importe de 800 € (dous animais). Porén, o dito anexo III, que consta no seu expediente, reflicte que estes dous animais pasaron ao Rexistro Definitivo no ano 2025, polo que procede emendar o erro de feito e incorporar a súa solicitude á relación das desestimadas.

O mesmo acontece no caso de don Juan Carlos Díaz Ramil.

No caso de don José Luís Trabado Alonso, que solicitara subvención por un animal que cumpría os requisitos establecidos na Base 4, resultou ser beneficiario de subvención por importe de 400 € (un animal). Porén, o dito anexo III, que consta no

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Página	45/71	

seu expediente, reflicte que este animal pasou ao Rexistro Definitivo no ano 2025, polo que procede emendar o erro de feito e incorporar a súa solicitude á relación das desestimadas.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose , en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

a) Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.

b) A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.

c) Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerese, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.

2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.

Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada.”

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Página	59/71	

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:

- a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.
- b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.
- c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.
- d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Polo que fai referencia ao interese e necesidades organizativas, está vacante a praza de Interventor/a Adxunto/a, polo que de pasar á situación de xubilación, quedarían o posto de Interventor/a e de Interventor/a Adxunto/a, vacantes, con prexuízos para o bo funcionamento da Intervención Provincial que redundan na propia entidade.

Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada pola persoa funcionaria.

Tomando en consideración que no que fai referencia a resultados da avaliación do seu desempeño correspondente ao último período avaliado (1 decembro 2024 a 30 de novembro do 2025) ten acadado unha valoración de Moi Excepcional; e que, segundo informe dos rexistros do Sistema de Control horario e de presenza, a citada funcionaria asiste regularmente ao seu posto de traballo, constatándose unha dedicación horaria superior; sen que exista constancia de absentismo inxustificado no seu expediente persoal.

Tendo en conta o exposto anteriormente, vistos os informes dos servizos e que se acredita a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a proposta, na miña condición de Deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIKXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIKXEQ	Página	60/71	



Territorio e Turismo propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Conceder e aprobar á pretensión da Funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, Dona Rosa Abelleira Fernández, de prolongar a súa permanencia no servizo activo por un (1) ano máis, isto é, dende o 20 de abril de 2026 ata o 19 de abril de 2027”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DO FUNCIONARIO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL, SECRETARIO-INTERVENTOR, EN SUBSTITUCIÓN DE FUNCIÓNS DE SECRETARIO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que o 26 de decembro de 2025, D. José Antonio Mourelle Cillero, nacido o 29.03.1960, funcionario con habilitación de carácter nacional e titular da praza Secretario/a-Interventor/a, e posto de Secretario/a-Interventor/a Adxunto/a á Secretaría Xeral da Deputación Provincial de Lugo, presentou un escrito conformado polo Presidente, en funcións, desta Entidade, D. José Tomé Roca, no que solicita á Presidencia da Deputación Provincial de Lugo a prórroga da súa permanencia no servizo activo por un ano. Así mesmo, solicita que, en base ao exposto no seu escrito, sexa aprobada a mencionada prórroga.

Tendo en conta que a Mesa Xeral de Negociación (MXN) da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Página	61/71	

sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

“Anexo V

Xubilación do persoal funcionario e laboral.

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social, como consecuencia das sucesivas modificacións legislativas habidas nos últimos anos nesta materia.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose, en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

- a) Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.
- b) A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.
- c) Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerese, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

- 1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.
- 2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.

Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada.”

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIKXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIKXEQ	Página	62/71	



tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (DOGA núm. 82, do 04.05.2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e no Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:

- a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador/a, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario/a aos sesenta e cinco anos de idade.
- b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de Seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.
- c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.
- d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada pola persoa funcionaria.

Tendo en conta que, existe conformidade expresa do funcionario de prolongar a súa permanencia no servizo activo, están acreditados os bos resultados da avaliación do seu desempeño correspondente ao último período avaliado segundo se recolle no expediente de avaliación individual de desempeño (01.12.2024 ao 30.11.2025) e que, segundo informe dos rexistros do Sistema de Control horario e de presenza asiste regularmente ao seu posto de traballo.

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Página	63/71	

Tendo en conta o exposto anteriormente, vistos os informes dos servizos e que se acredita a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a proposta, na miña condición de Deputada delegada, en funcións, da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Conceder e aprobar á pretensión do funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, Don José Antonio Mourelle Cillero, de prolongar a súa permanencia no servizo activo por un (1) ano máis, isto é, dende o 30 de marzo de 2026 ata o 29 de marzo de 2027, dado que esa é a data na que se prevé ter resoltas as necesidades que motivan esta decisión.”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DUNHA VIXILANTE MEDIO-AMBIENTE DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que dona Ana María Viadé Borrego, Vixilante Medio-Ambiente do Cadro de Persoal Funcionario, nacida o 26 de xullo de 1958, presentou escrito en data 15 de decembro de 2025, na que solicita continuar coa prolongación da permanencia no servizo activo, para poder alcanzar un maior número de anos cotizados e da contía da pensión.

Á vista do contido da solicitude que formula, sobre a prolongación da permanencia no servizo activo despois de cumprir os 65 anos, compre ter en conta o acordado na Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, que culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade en materia de xubilación.

En canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no citado Acordo, a tramitación de solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria, farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril, DOGA nº 82, de 4 de maio de 2015).

Tendo presente o disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe sinalar os seguintes aspectos relevantes:

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIKXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIKXEQ	Página	64/71	



- a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.
- b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando o persoal funcionario ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de Seguridade Social para ter dereito á pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.
- c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.
- d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante ao ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Considerando que os resultados dos últimos períodos de avaliación son positivos. En relación á asistencia ao traballo e absentismo, segundo consta nos rexistros do Sistema de control horario e de presenza, cabe referir que se ten producido un cumprimento da xornada positivo.

Á vista de canto antecede, vistos os informes dos servizos, tendo en conta que a solicitude foi presentada dentro do prazo establecido; e que, segundo consta no seu expediente persoal, existe un cumprimento axeitado en materia de desempeño e absentismo; e a que, conforme aos datos de carreira de cotización para a continxencia de xubilacións que acredita a solicitante, tería unha mingua porcentual significativa na base reguladora da súa pensión, e que a solicitude está conformada polo Xefe do Servizo e do deputado delegado de Medio Ambiente, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Página	65/71	

Accedendo á pretensión da funcionaria, Dona Ana María Viadé Borrego, de prolongar a permanencia no servizo activo, por un ano máis, dende o 27 de marzo de 2026 ata o 26 de marzo de 2027”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS NO SECTOR PÚBLICO NA QUE CORRESPONDE DECLARAR A UN PEÓN REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS DO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO, LOGO DE SER NOMEADO COMO PERSOAL LABORAL FIXO DA XUNTA DE GALICIA POLO SISTEMA DE DE CONCURSO DE MÉRITOS, PARA PRESTAR SERVICIOS COMO BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A DE MOTOBOMBA.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que con data 11 de febreiro de 2026, tivo entrada a través da Oficina de Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo escrito de D. Pablo López Méndez, no que manifesta o seguinte:

“Solicito formalmente a concesión dunha excedencia por prestación de servizos no sector público, de conformidade coa normativa vixente e o convenio colectivo aplicable.

O motivo da solicitude é a miña incorporación como persoal laboral con praza en propiedade en Medio Rural na Xunta de Galicia, segundo acordo reflectivo no DOG do 19 de xaneiro de 2026, tras ter superado o proceso selectivo duha praza de persoal fixo na praza e posto de bombeiro forestal, condutor de motobomba, adscrito á Medio Rural do devandito organismo”

Considerando que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 6 de febreiro de 2026 acordou a resolución definitiva do procedemento selectivo de tres prazas de “Peón/Peoa Reparación Vías Provinciais”, contratando como Persoal Laboral Fixo, entre outros, a D. Pablo López Méndez e formalizandose contrato laboral indefinido o día 16 de febreiro de 2026.

Tendo en conta a Normativa de Aplicación e as Consideracións Xurídicas e Técnicas que se recollen no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, do teor seguinte.

Normativa de Aplicación.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, poio que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIRXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIRXEQ	Página	66/71	



Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, poio que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público.

Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Convenio Colectivo Único da Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP do xoves 30 de agosto de 1990.

Consideracións Xurídica e Técnicas.

1. O artigo 23 do Convenio Colectivo Único da Deputación Provincial de Lugo establece que:

“En relación coas situacións do persoal laboral desta Deputación provincial estarase ao disposto no art. 29 da Lei 30/84 do 2 de Agosto, na Lei 4/88 de 26 de Mayo do F. P'. G-, no art. 140 do R. D. 730/86 do 11 de Abril ao que remite o art. 140 do R.D.L. 781/86 do 18 de Abril, sen prexuízo do sinalado no E.T. sobre estes extremos e resulte máis beneficioso para o traballador.

Estas situacións son:

- a) Servizo activo
- b) Servizo en Conunidades Autónomas
- c) Excedencia forzosa ou voluntaria
- d) Servizos especiais
- e) Suspensión
- f) Extinción do contrato”

Segundo o recollido neste artigo prodúcese polo tanto a asimilación, a efectos de situacións administrativas, ao persoal laboral da Entidade “sin perjuicio de lo señalado en el E.T. sobre estos extremos y resulte más beneficioso para el trabajador.” co persoal funcionario da mesma, aplicándose ao persoal laboral o recollido nas normas mencionadas no artigo 23 do convenio colectivo.

2. O artigo 140.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local,

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Página	67/71	

establece as situacións administrativas nas que se poden atopar os funcionarios de carreira das Entidades Locais:

“1. As situacións en que poden acharse os funcionarios de carreira da Administración local serán as seguintes:

- a) Servizo activo.
- b) Servizo en Comunidades Autónomas.
- c) Excedencia forzosa ou voluntaria.
- d) Servizos especiais.
- e) Suspensión.”

O artigo 140.2 desta mesma disposición establece o seguinte:

“As ditas situacións regularanse pola normativa básica estatal, e pola lexislación de función pública de respectiva Comunidade Autónoma e, supletoriamente, pola lexislación dos funcionarios de Administración do estado, téndose en conta as peculiaridades do réxime local”.

3. O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), que ten a consideración de normativa básica estatal de función pública, é a vixente norma que desenvolve o previsto no artigo 103 da Constitución Española, no que se establece que por Lei regularase o estatuto dos funcionarios públicos. Tanto na súa exposición de motivos como no seu artigo 1 declárase que o EBEP ten por obxecto “establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos induídos no seu ámbito de aplicación”. Dentro do dito texto legal, as situacións administrativas do persoal funcionario veñen recollidas no seu Título VI (artigos 85 a 91).

4. O Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado. Recolle o seguinte:

“Artigo 15. Excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público.

1. Procederá declarar, de oficio ou a instancia de parte, na situación regulada neste artigo aos funcionarios de carreira que se atopen en servizo activo noutro corpo ou escala de calquera das Administracións públicas, salvo que obtivesen a oportuna compatibilidade, e aos que pasen a prestar servizos como persoal laboral fixo en organismos ou entidades do sector público e non lles corresponda quedar nas situacións de servizo activo ou servizos especiais. O desempeño de postos con carácter de funcionario interino ou de persoal laboral temporal non habilitará para pasar a esta situación administrativa.”

5. No que fai referencia á lexislación propia da Comunidade Autónoma de Galicia, a regulación legal das distintas situacións administrativas está recollida no Título VIII da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 164 a 182), na que se describen os mesmos tipos de situacións que refire tanto a normativa de réxime local como as que se recollen na normativa básica estatal xa aludidas nos apartados anteriores.

Concretamente no artigo 174 da Lei de Emprego Público de Galicia, recóllese o seguinte:

“1. Sen prexuízo do disposto na normativa sobre incompatibilidades, procede declarar, de oficio ou por solicitude da persoa interesada, na situación de excedencia por prestación de servizos no sector público:

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIRXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIRXEQ	Página	68/71	



a) O persoal funcionario de carreira que acceda, por promoción interna ou por outros sistemas de acceso, a outros corpos ou escalas en calquera Administración pública e non lle corresponda quedar noutra situación administrativa.

(...)"

Os efectos do recoñecemento desta situación administrativa son os que se mencionan no apartado 2 do propio artigo 174 da Lei de Emprego Público de Galicia onde se recolle:

"2. As persoas que se atopen na situación de excedencia por prestación de servizos no sector público non devindicarán retribucións, nin será computable o tempo que permanezan nela para os efectos de ascensos, trienios e dereitos no réxime da Seguridade Social que sexa aplicable.

Malia o disposto no parágrafo anterior, no suposto regulado na letra b) da alínea primeira deste artigo o tempo de servizos prestados en organismos, axencias ou entidades do sector público computarase só para os efectos de antigüidade, unha vez que se reingrese ao servizo activo, coa excepción dos prestados en sociedades mercantís ou fundacións."

Á vista do que antecede e dos informes dos servizos, na miña condición de Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar ao persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, D. Pablo López Méndez, en situación de Excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público, conforme ao establecido na normativa vixente, á instancia do interesado e con data de efectividade do día 16 de febreiro de 2026, data na que se formalizou contrato laboral indefinido como Peón Reparación Vías Provinciais da Deputación Provincial de Lugo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Página	69/71	

18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE TÉCNICO/A SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA E CONTABILIDADE PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de técnico/a superior de administración financeira e contabilidade para poder atender as necesidades dos distintos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2026 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación do persoal empregado público.

Por todo a anterior, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobación da convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de Técnico/a Superior de Administración Financeira e Contabilidade, grupo A – subgrupo A1, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno do 31 de outubro de 2025 e publicadas no BOP núm. 260, do 12 de novembro de 2025.

3º.- Aprobación das bases específicas, que complementarán as bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARIRXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARIRXEQ	Página	70/71	



5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

20.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

A PRESIDENTA,

O SECRETARIO

	IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Fecha y Hora	03/03/2026 13:32:06	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQG2L3N52TFPTCAARAIEXEQ	Página	71/71	